



NOME

GRUPO

0. Expresión escrita / expresión matemática / presentación

2 1. Calcular a área lateral e a área total dunha pirámide recta de base cuadrada, de 13 cm de aresta lateral e 10 cm de aresta da base.

1.5 2. Calcular a cantidade de chapa que precisamos para fabricar un bidón de forma cilíndrica sen tapa superior, que teña $1,5\text{ m}$ de altura e 40 cm de raio da base.
[Nota: dar o resultado en m^2 con unha cifra decimal significativa.]

1 3. Unha pirámide recta ten base cuadrada de 3 cm de lado e altura 10 cm . Calcular o volume de outra pirámide que só se diferencia da anterior en que é oblíqua. Razoar a resposta.

1.5 4. Dous asteroides esféricos teñen raios de 10 km e 20 km respectivamente. Calcular os seus volumes e responder á seguinte cuestión: pensas que a razón entre os seus volumes é a mesma que a que existe entre os seus raios? Razoar a resposta.
[Nota: dar o resultado en km^3 aproximando ás unidades.]

2 5. Calcular a altura que debe ter un bote con forma de prisma regular de base hexagonal, se queremos que a súa capacidade sexa de 20 l , sabendo que o lado da base é de 10 cm .
[Nota: dar o resultado en cm con unha cifra decimal significativa.]

2 6. Calcular o volume que ocupará unha maceta con forma de tronco de cono, de 15 cm de altura e raios das bases superior e inferior, 12 cm e 9 cm respectivamente.